

Prólogo

*Para Saleta,
desexándolle un mundo
de exércitos disoltos
e amores infindos.*

A COMEDIA NA ANTIGA GRECIA

O teatro grego antigo naceu e consolidouse arredor de tres categorías dramáticas fundamentais: por unha banda, a traxedia, cuxos protagonistas eran os heroes e as heroínas dos grandes mitos, case sempre envoltos en situacións de extrema gravidade por teren desafiado consciente ou inconscientemente a vontade dos deuses. Os mitos tamén nutriron un subxénero dramático destacado, o drama satírico, unha sorte de breve parodia mitolóxica adubada cun coro de sátiros que aparece na historia da literatura como unha peculiaridade exclusiva do teatro grego. Por último, e non menos popular entre o público da época, achamos a comedia, un tipo de peza teatral no que o máis importante é a intención humorística das súas inverosímiles e rocambolescas escenas.

A comedia prescindía, polo tanto, da solemnidade que se lle adoitaba conferir á traxedia (aínda que compartía con esta

certos elementos estruturais) e fixo do seu ton espontáneo, desacomplexado e procaz unha verdadeira marca de identidade. Adóitanse distinguir tres niveis de desenvolvemento dentro da comedia grega segundo a súa cronoloxía e temática: a comedia antiga, a comedia media e a comedia nova, unha evolución na que se fai notar o cambio paulatino dunha comedia máis politizada e directa, cuxo marco referencial é a vida pública da democracia ateniense, a unha comedia cada vez máis estereotipada e centrada no enredo amoroso.

Concretamente, a comedia antiga (maioritariamente cultivada na cidade de Atenas durante o século V e comezos do IV a.C.) gozou dunha moi notable repercusión por ser o subxénero dramático máis pegado á realidade do seu tempo, todo un divertimento literario que sinalaba dun xeito caricaturizado os máis importantes persoeiros do momento e revestía con burla e mordacidade as máis afervoadas críticas cara á situación social, política e cultural da Atenas clásica. Este tipo de comedia amosaba, en consecuencia, unha imitación satírica do mundo cotián na que se reflectían as preocupacións e coitas da xente corrente.

Aínda que poida parecer sorprendente dende un punto de vista contemporáneo, os espectáculos teatrais da Antiga Grecia estaban estreitamente vinculados ás festividades relixiosas e eran unha parte indispensable do programa de festexos das Grandes Dionisias ou as Leneas, entre outras. Tamén as representacións das comedias, coa súa lingua groseira e formas lixeiras, se inserían nestas celebracións e optaban a diversos premios nos concursos que se convocaban co gallo destas festas. Todas as pezas teatrais, tamén as comedias, eran compostas en verso e combinaban partes dialogadas con partes recitadas ou cantadas por un coro.

ARISTÓFANES: O SERIO OFICIO DE FACER RIR

Pouco se sabe da vida e circunstancias de Aristófanes (445-385 a.C.), malia ser o autor da Atenas do século V a.C. do que se conservan máis comedias. Probablemente comezou a súa traxectoria como comediógrafo sendo moi novo, con

apenas dezaoto anos, e compuxo corenta e catro pezas, das que chegaron ós nosos días once obras integramente conservadas: *Os acarnienses*, *Os cabaleiros*, *As nubes*, *A paz*, *As aves*, *As avespas*, *Lisístrata*, *As Tesmoforias*, *As ras*, *A asemblea das mulleres* e *Pluto*.

O teatro cómico de Aristófanes buscaba entreter e divertir a audiencia, pero sen perder de vista a gravidade dos acontecementos vividos no seu tempo. As súas tramas cómicas tendían a reducir ó absurdo moitas das problemáticas que afectaban as clases populares, lanzando os seus dardos contra os líderes oportunistas e demagogos e cargando contra os vicios e defectos que contaminaban o sistema.

Habitualmente considerado un dramaturgo conservador, contrario ás reformas da democracia radical xa iniciadas por Pericles (o gran líder da Atenas clásica) e oposto tamén ás políticas de Cleón, a súa obra non se entende sen o axitado contexto histórico que rodeou a súa produción: a crise da hexemonía ateniense e a Guerra do Peloponeso (431-404 a.C.), que enfrontou as dúas grandes potencias gregas do momento, Atenas e Esparta. Mais non só da conflitividade política se nutriu o seu teatro, pois na súa produción atopamos obras que critican as tendencias filosóficas e educativas do momento (*As nubes*, toda unha sátira das ensinanzas de Sócrates) e tamén outras obras que reflexionan sobre a literatura da época (*As ras* ou *As Tesmoforias*, nas que se censura o teatro tráxico de Eurípides).

Aristófanes axiña se incorporou ás antoloxías que os propios filólogos gregos realizaron dos seus autores máis senlleiros, e, aínda que a transmisión dos seus textos non se interrompeu (como demostra o feito de que algúns chegasen completos ós nosos días), a súa obra non sempre se tivo en consideración nas sucesivas épocas. O tratamento dos problemas particulares da Atenas que el coñeceu, así como o seu estilo e linguaxe (case inmorais para algúns), dificultou nalgunhas ocasións o seu recoñecemento como un dos autores imprescindibles da literatura grega antiga. Mais, a partir da época da Ilustración e na Idade Contemporánea, pasou a ser un dos dramaturgos máis valorados e recuperados.

LISÍSTRATA E A REVOLUCIÓN FEMININA CONTRA A GUERRA

Cando Aristófanes pon en escena a súa comedia *Lisístrata* (411 a.C), a cidadanía de Atenas e Esparta levaba vinte longos anos padecendo os desastres do conflito bélico. Había xa dúas décadas que a guerra do Peloponeso trouxera consigo unha verdadeira ruína humana, económica e política para Grecia enteira e, neste convulso contexto, o noso autor cómico elabora unha insólita resposta teatral cuxo propósito ideolóxico aínda xera debate entre os estudosos nos nosos días.

A protagonista que dá nome á obra, Lisístrata (que significa 'a que dissolve os exércitos'), é unha muller ateniense farta da devastación provocada polo enfrontamento militar e aínda máis amolada pola falta de interese que amosan os homes por depoñer as armas e abrirse á resolución pacífica dos problemas. En alianza con outras mulleres, procedentes de Esparta mais tamén doutras rexións gregas, Lisístrata leva a cabo un plan para apremiar os homes e así rematar dunha vez coa guerra. Este plan consiste en dar un verdadeiro golpe ó estado dende a esfera pública ata o ámbito privado: facerse cargo do tesouro da cidade, ocupar a Acrópole e declarar unha folga sexual ata que cesen por completo as hostilidades entre gregos.

En efecto, as mulleres toman parte dos poderes económicos e relixiosos da cidade e, ademais, desatenden todas aquelas tarefas que se lles impoñen só polo feito de ser mulleres, coma os traballos domésticos ou o coidado dos fillos. Lisístrata e as súas compañeiras saen da súa habitual reclusión no *oikos* ('a casa') para reivindicar a súa forza no espazo público, tradicionalmente reservado ós cidadáns varóns, e tomar decisións sobre os seus propios corpos e a súa propia sexualidade, deixando de recoñecerlles ós seus maridos dereitos exclusivos sobre todo o que atinxe á intimidade da parella.

Esta revolución feminina fai que o comisario e os representantes da orde pública traten de reprimir pola forza as mulleres, mais axiña se abre unha vía negociada e dialogada. E Lisístrata e as súas camaradas son claras: non desistirán no seu empeño por lograr a paz e, con ese fin, seguirán impedindo que os homes accedan ó diñeiro público e negándose a manter re-

lacións sexuais con ningún deles mentres dure a loita. Malia que Lisístrata defende a firmeza destas condicións, chega un momento no que o ánimo das mulleres ante o longo período de abstinencia sexual decae, polo que tratan de escapar da Acrópole para atoparse fugazmente cos seus homes.

Mais Lisístrata consegue atraer de novo as mulleres á causa polo ben maior da paz, xusto antes de que un dos soldados atenienses, Cinesias, irrompa na escena buscando desesperadamente a Mirrina, a súa esposa, o que dá lugar a un dos cadros máis hilarantes da obra. Recorrendo a todo tipo de picardías, Mirrina faille crer ó seu home que romperá por un intre o seu voto de abstinencia, pero vai adiando o momento mediante todas as escusas imaxinables.

Este e outros incidentes conducen por fin ó encontro entre os embaixadores atenienses e espartanos, todos eles angustiados pola mesma doenza: unha esaxerada erección. Lisístrata intervén no nome de todas as mulleres como mediadora para a paz e consegue que tanto os atenienses coma os espartanos fagan concesións para chegar ó armisticio definitivo. Finalmente, as mulleres volven cos seus homes e celebran todos xuntos o feliz desenlace con cantos e bailes.

Aristófanes amosa na súa comedia unha utopía política e social na que as mulleres reaccionan á arbitrariedade do poder masculino. Malia que Lisístrata e as súas compañeiras non asumen o control de todos os asuntos da cidade (ó xeito doutra peza do noso autor, *A asemblea das mulleres*), si requisan os fondos necesarios para sufragar os gastos da guerra e atribúense un papel negociador e activista a prol da fin da contenda.

Existe certa controversia arredor da mensaxe que Aristófanes pretendía transmitirle á audiencia do seu tempo con esta trama cómica e, en consecuencia, as interpretacións que os estudiosos ofrecen da obra adoitan ser dispares. E o certo é que, vinte e cinco séculos despois, resulta difícil chegar a unha única conclusión: uns propoñen que Aristófanes, como conservador e defensor das tradicións, estaba a mofarse da iniciativa das mulleres e, sobre todo, da idea de que estas puidesen chegar a ter ningunha responsabilidade como suxei-

tos políticos no sistema democrático. Outros suxiren todo o contrario, que estaba apoiando dende o humor obsceno e a sexualidade explícita a posibilidade de que as mulleres puidesen liderar o camiño da paz entre Atenas e Esparta.

O propio fondo pacifista da obra resulta problemático para os investigadores, xa que algúns aseguran que Aristófanes era un artista totalmente comprometido coa causa da paz entre gregos e outros, pola contra, non garanten que o calamitoso curso da guerra do Peloponeso fose tan decisivo para que o noso autor plasmase as súas inquedanzas en *Lisístrata*.

Fose ou non dende o inicio unha comedia con mensaxe, o certo é que as literaturas e culturas occidentais posteriores levaron a cabo novas lecturas da obra dende unha perspectiva maioritariamente feminista e antibélica. Case sempre que se volveu a *Lisístrata* en novas montaxes teatrais, reescritas ou adaptacións foi para dignificala como un referente e como un símbolo da loita pola paz e os dereitos das mulleres. Un claro exemplo disto é a obra *Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron* (1997) de Eduardo Alonso e Manuel Guede.

Cara ó final da peza, a propia Lisístrata di «bailemos para honrar os deuses por este grande éxito e para que nos días do porvir non volvamos cometer os mesmos erros». A esperanza da paz sempre é posible malia a disparatada e deformada representación que o noso autor fai da loita pacifista, unha esperanza que Lisístrata ten presente nas súas palabras e intenta legar como exemplo ás xeracións vindeiras. Claro está que ese exemplo non callou, e aínda hoxe hai que lairse polas guerras afastadas ou achegadas, sempre inxustas e crueis. A revolución sexual e impregnada de humor de Lisístrata non perdeu, polo tanto, nin un gramo de actualidade e cumpriría evocala para deixar unha semente de concordia neste mundo incerto.

ALGUNHAS NOTAS SOBRE ESTA TRADUCCIÓN

Dado que o teatro irreverente de Aristófanes se constrúe sobre un estilo e un rexistro de lingua completamente afastados do que hoxe en día se entendería por corrección política, nesta nova tradución ó galego intentouse manter ese espíri-

to, renunciando a expresións eufemísticas que puidesen modificar ou deturpar a desinhibición dos termos empregados polo autor. Si se modifica, coma en moitas das traducións xa existentes, a composición formal en verso, que pasa a prosa tamén nesta edición, aínda que no texto se sinala entre corchetes a correspondencia cos versos do orixinal.

É frecuente ver nalgunhas edicións de *Lisístrata* unha adaptación das diferenzas dialectais entre os antigos atenienses e espartanos, das que tamén se valía Aristófanes para crear situacións de comicidade. Por exemplo, algunhas edicións con tradución ó castelán optan por marcar as diferenzas entre os dialectos gregos falados polos personaxes recorrendo a unha aproximación recoñecible para o público español de hoxe en día e, por este motivo, adóitase representar a lingua dos atenienses cunha variedade do castelán estándar mentres que a dos espartanos se configura coas variedades dialectais andaluzas. Porén, nesta tradución decidiuse non explotar este recurso, para non incidir en estereotipos sociolingüísticos que poderían resultar problemáticos, e coa plena convicción de que o texto aristofánico non precisa disto para manter practicamente intacta a súa comicidade en galego.

PERSONAXES DA OBRA

Lisístrata

Calonica

Lampito

Mirrina

Coro de mulleres

Coro de anciáns

Comisario

Cinesias

Varias mulleres

Mensaxeiro dos espartanos

Embaixador espartano

Prítane

Segundo prítane

Fillo de Mirrina e Cinesias



Lisístrata

(Na escena recréase un fondo coa Acrópole de Atenas.)

LISÍSTRATA

(Dando voltas e agardando con impaciencia.) Se as convidasen á festa en honor a Baco, ó templo de Pan ou ó da deusa dos partos sobre a Colíade, non se podería andar entre tanto pandeiro. Mais así non se presentou aquí ningunha muller. [5] Agás a miña veciña, que aquí vén. Bo día, Calonica!

(Entra Calonica.)

CALONICA

Bo día, Lisístrata! Por que te preocupas? Non te poñas triste, miña rula, que non che presta curvar a fronte.

LISÍSTRATA

Árdeme o corazón, Calonica, [10] e láíome por nós, polas mulleres, porque os homes consideran que somos unhas pécoras.

CALONICA

Mais é o que somos, por Zeus!

LISÍSTRATA

Díxoselles que se presentasen aquí para falar sobre un asunto nada cativo [15] e non veñen por quedaren durmindo.

CALONICA

Xa chegarán, benquerida amiga. Certo é que para as mulleres resulta difícil saír da casa: ou hai que ocuparse dos nosos homes, ou hai que erguer da cama o escravo, ou hai que deitar o neno, ou bañalo, ou darlle de comer...

LISÍSTRATA

[20] Pois había outras cousas máis importantes ca todo iso.

CALONICA

Pero, querida Lisístrata, de que vai iso polo que nos convocaches a nós, as mulleres? De que asunto se trata? De que tamaño é?

LISÍSTRATA

Grande.

CALONICA

Non será tamén groso?

LISÍSTRATA

Abofé que é groso, por Zeus!

CALONICA

Entón como é que non viñemos?



1 Semella que, para Calonica, un asunto tan grande e groso só pode referirse a unha cousa: un enorme pene. De aí que se estraña pola aparente falta de interese do resto das mulleres.